



CONDICIÓN XERAIS DA CONTRATACIÓN

REFRIGERACION DE RIVEIRA S.L.

1. - Ámbito de aplicación- As presentes condicións xerais de contratación serán aplicables a calquera contrato que se realice entre a empresa REFRIGERACIÓN DE RIVEIRA S.L. - en diante "a Empresa"- dentro da súa actividade (é dicir: Instalación e reparación de sistemas de frío industrial e climatización) e calquera outra empresa que contrate con ela, que en diante se denominará "cliente" "provedor" ou "subcontratista"; agás que se acordara outra cousa por escrito.

Só poderán ser modificadas por acordo escrito entre as partes, polo que serán inválidas neste sentido as cláusulas ou condicións que figuren, impresas ou manuscritas, nos pedidos, orzamentos, cartas ou outros documentos emitidos polo Cliente, provedor ou subcontratista. Agás consentimento expreso e por escrito por parte da empresa, non se aplicarán baixo ningunha circunstancia as condicións xerais do cliente, o provedor ou a subcontrata que estean en conflito, se contradigan, ou sexan diferentes das presentes Condicións, aínda que a empresa realizara operacións contractuais coñecendoas, o que baixo ningún caso constituirá unha aceptación tácita das mesmas.

A modificación por REFRIGERACION DE RIVEIRA S.L. das presentes condicións xerais non afectará a contratos xa perfeccionados. Estas condicións xerais de contratación son públicas e non será necesario comunicarlhas ós clientes cada vez que se faga un contrato, senón que chegará con comunicarlhas unha vez, posto que son as mesmas para tódalas operacións, agás pacto por escrito en contrario.



En todo caso, e para que o Cliente non poida alegar a falla de comunicación das mesmas, están ó seu dispor nas oficinas da empresa sitas en Rúa Deán Pequeno, 113 de Riveira (A Coruña), así coma na URL: <http://www.climafrio.gal/es/> e no Rexistro de Bens Mobles da Coruña na sección de "Rexistro de Condicións Xerais da Contratación" co nome de "Condicións Xerais de Contratación de REFRIGERACION DE RIVEIRA S.L".

2.- CONDICIÓN S DE VENDA/ALUGUER.-

2.1- Orzamento- O CLIENTE ten dereito a recibir un orzamento escrito e detallado do servizo que contrata.

A validez do mesmo será de 90 días, a contar dende aquel no cal a empresa lle comunique que foi realizado e se atopa ó seu dispor.

O cliente faise responsable da veracidade das medidas e datos facilitados á empresa a tódolos efectos.

A empresa non percibirá retribución algunha pola realización do orzamento sempre que os traballos sexan executados por REFRIGERACION DE RIVEIRA S.L.. Nembargante, se unha vez realizado o orzamento, o cliente decide desistir dos servizos orzamentados deberá de abonar as horas de traballo necesarias para a confección de dito orzamento, e abonar o resto de gastos nos que haxa incorrido para a elaboración do mesmo, desprazamentos, toma de medidas, tarefas administrativas ou calquera outra xestión realizada.

Se o CLIENTE realiza o pedido directamente e non solicita a elaboración do orzamento, entendese que renuncia á realización do mesmo.

Deste xeito, a Empresa poderá levar a cabo o encargo solicitado cando o CLIENTE haxa renunciado á elaboración do orzamento realizando directamente o pedido; ou haxa dado a súa conformidade mediante a aceptación do orzamento, ben ca súa sinatura, ben a traveso do correo electrónico, fax ou telefonicamente, sendo neste caso proba suficiente do



encargo a ficha cuberta pola empresa cos datos que proporciona o cliente.

Cando a empresa haxa solicitado do cliente unha entrega a conta do prezo final do traballo, non dará comezo a súa execución mentres non se verifique tal pagamento.

2.2.- Tempo e lugar de entrega- O prazo de entrega será o que expresamente houbera sido pactado entre as partes no contrato.

Condicións que serán a cargo do cliente:

- o Accesibilidade para os medios de transporte necesarios para levar a cabo a prestación do servizo.
- o Liberdade de tránsito polas instalacións para os traballadores de REFRIGERACION DE RIVEIRA S.L., que se encarguen de levar a cabo os traballos acordados, así coma os das súas subcontratas na medida do necesario.
- o Subministración de enerxía eléctrica e auga.
- o Medios para carga e descarga de mercadoría.
- o A posta a disposición do persoal de REFRIGERACIÓN DE RIVEIRA, S.L. de conexión para subministración de auga potable e punto de evacuación de sobrantes ou excedentes de desconxelación.

O prazo de entrega será ampliado:

- Cando non se cumpran os requisitos expresados por parte do cliente.
- Cando o cliente proporcione á empresa datos inexactos.
- Cando existan motivos alleos á vontade e control da Empresa que impidan o cumprimento da data de entrega como avaría no vehículo transportador, responsabilidade da empresa de mensaxería, etc (...)



- Cando o CLIENTE cambie o pedido orixinal ou se retrase nas súas obrigas contractuais, especialmente nas relativas á entrega dos documentos necesarios para levar a cabo a operación ou ós pagamentos acordados.

2.3.-Prezo - Tódolos prezos deberán de ser considerados como netos, na divisa pactada, sen ningunha dedución de calquera tipo, agás pacto en contrario e será o pactado polas partes. Os prezos non inclúen impostos, taxas, ou outras cargas, tanto de natureza xeral como especial, a menos que se pacte outra cousa por escrito, tendo en conta os Incoterms que no seu caso sexan de aplicación e/ou as condicións de entrega das mercadorías, non influíndo as flutuacións do prezo.

2.4.-Forma de pagamento -Agás pacto por escrito en contrario, o pagamento haberá de facerse ó contado sen ningún desconto, e sen que se permita dedución, compensación ou retención de pagamentos por parte do CLIENTE. O pago verificarase mediante domiciliación bancaria, debendo o cliente proporcionar á EMPRESA tódolos datos solicitados para tal efecto.

No caso de que se houberan pactado unhas datas de pagamento, estas deberán de ser cumpridas polo CLIENTE incluso se o transporte ou a entrega se retrasaran debido a cuestións alleas ó control da Empresa.

Se a Empresa o considera oportuno poderá solicitar as garantías que considere necesarias para asegurar o debido cumprimento das obrigas contractuais do CLIENTE, podendo mentres tanto suspender os servizos.

No caso de existir pacto expreso entre as partes no aprazamento das obrigas contractuais e en especial nos cobros, o retraso no cumprimento dos mesmos devengará intereses polo máximo legal permitido.



2.5.-Devengo de intereses de demora e indemnización por custos de cobro- Con efectos dende a data de pagamento acordada, o CLIENTE deberá de pagar intereses de demora segundo a Lei 15/2010, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, que se fixan ca aceptación destas condicións xerais de contratación no máximo legal permitido. Se o CLIENTE incorre en mora nun pagamento ou á prestación dunha garantía acordada consideraranse líquidos e esixibles tódolos cobros pendentes nese intre, vencidos ou non.

Ademais do devengo destes intereses cando o CLIENTE incorra en mora, o industrial terá dereito a reclamar ó CLIENTE os custos de cobro referidos na Lei 15/2010.

2.6.-Aceptación.-

Compravenda.- O documento de entrega de mercadoría e finalización do servizo deberá de ser asinado polo cliente ou outra persoa autorizada. No caso de ausencia destes, o CLIENTE, ó aceptar estas condicións, dará por válida a sinatura doutra persoa que, estando nestas dependencias, asine a aceptación da mesma debendo identificarse á entrega co seu nome e Documento Nacional de Identidade.

A empresa resérvase o dereito a cobrar o almacenamento de produtos.

Alugueres.- Entendese aceptado o produto suxeito a contrato de aluguer á sinatura do contrato de arrendamento ou á data de posta a disposición do mesmo.

O arrendatario recibirá o material obxecto do contrato de aluguer en perfectas condicións de conservación e funcionamento, indicándose as instrucións para o seu manexo e facilitando as prevencións técnicas, legais e de seguridade necesarias para o seu uso normal e a obriga de devolvelo no mesmo estado que se recibe, en cuxo intre se terán en conta os desgastes naturais que na mesma se orixinen pola realización de traballos propios, non así cando existira negligencia por parte do arrendatario, provocando avarías.



En razón a que o material é manexado polo persoal do arrendatario, este responsabilízase de toda avaría pola utilización non axeitada, así coma os danos causados ós terceiros que resulten afectados por calquera sinistro orixinado polo mal uso do material ou pola negligencia do seu manipulador, incluídos a natureza do solo e do subsolo, infrinxir a normativa de dominio público, da prevención de seguridade e hixiene no traballo, por non ter en conta o entorno do lugar de traballo, as normas de contaminación do medio ambiente e demais disposicións aplicables.

O material é propiedade do arrendador non podendo ser subarrendado nin prestado a terceiros sen permiso expreso do arrendador. Asemade non se poderán substituír ou ocultar as sinais de identificación ou marca do arrendador sobre o mesmo.

O material de aluguer non devolto, xa sexa derivado de Roubo - furto ou calquera causa que o faga inservible, considerarase como venda de material novo, facturárase ó prezo de mercado. É obrigaón do arrendatario presentar unha denuncia cos datos do material.

Tanto o traslado do equipo como a súa devolución ó noso parque de maquinaria, ó rematar o prazo de aluguer, será por conta do arrendatario, así coma os gastos que poidan orixinar a descarga ou carga do equipo descrito, montaxe ou desmontaxe do mesmo. Como consecuencia, o transporte realizarase baixo a exclusiva responsabilidade do arrendatario. O emprazamento e instalación, realizaraa o arrendatario baixo a súa responsabilidade e de acordo cas normativas legais/administrativas vixentes.

O arrendatario de calquera material deberá de ter contratado durante a vixencia do contrato un seguro de RC, aportando xustificante do mesmo ó arrendador. Ademais para a utilización de certos materiais deberá de contar ca titulación ou formación específicas.

2.7.-Garantía- A Empresa adhírese á garantía do fabricante ou á que esixa a lexislación vixente en cada momento respecto das súas fabricación e montaxes. Quedan excluídas da garantía e responsabilidade da Empresa tódalas



deficiencias fora do seu control, especialmente si é como resultado do desgaste normal, mantemento non axeitado ou influencia dunha acción externa de calquera tipo.

Se o CLIENTE alega que unha garantía, de acordo cas especificacións técnicas do servizo non é acadada, a garantía só será válida se a Empresa ten a oportunidade de comprobar que os parámetros garantidos non son acadados mediante o seu control interno de calidade.

En todo caso, a garantía pola Empresa está suxeita ó oportuno cumprimento das condicións de pagamento acordadas co CLIENTE.

O Cliente nunca terá dereito a reclamar polos servizos aceptados ou cuxo prazo para denunciar defectos haxa transcorrido.

2.8.-Seguros- O beneficio e risco do obxecto do contrato pasarán ó CLIENTE unha vez posto a dispor do mesmo.

2.9 -Incumprimento do CLIENTE- No caso de incumprimento, total ou parcial, ou falla de cumprimento puntual ou axeitado de calquera das obrigas do CLIENTE, así coma no caso de declaración de concurso de acredores, liquidación ou disolución da súa empresa, REFRIGERACION DE RIVEIRA S.L. terá dereito a notificar a rescisión total ou parcial do contrato ou a suspensión da súa execución en todo ou en parte.

Elo realizarase mediante notificación sen necesidade de ulterior advertencia de incumprimento ou intervención xudicial, sen que a Empresa deba responder polos danos, e sen prexuízo de cantos outros dereitos asistan á Empresa.

Axiña se produza calquera das circunstancias antes mencionadas, tódalas reclamacións de pagamento vencidas ou non, cotas de refinanciamento ou calquera outra obriga que a Empresa teña fronte ó CLIENTE converteranse en esixibles e pagadoiras de inmediato.



Os documentos de cambio ou, no seu defecto, calquera outro documento formal de pagamentos estipulados para o pagamento das obrigas contractuais contraídas entre ámbalas empresas deberán de ser enviados á Empresa no intre de emisión da factura. O retraso na entrega considerase por ámbalas partes como un incumprimento contractual.

2.10-Reserva do dominio- A EMPRESA seguirá sendo dona de todo material subministrado ata a recepción completa dos pagamentos acordados podendo retirar os mesmos ante o primeiro incumprimento do cliente, sen necesidade de consentimento.

2.11.-Compensación- A Empresa ten dereito a compensar calquera suma que lle adebede o CLIENTE (comprendendo neste termo a tódalas compañías que forman parte do mesmo grupo que o Comprador), contra calquera suma pagadoira ó CLIENTE.

3.- CONDICIÓN S DE COMPRA

3.1.- O Provedor obrígase á entrega dos bens e/ou produtos obxecto da compra de acordo co establecido no Pedido ou oferta e nas leis e regulamentos que resultaran de aplicación. O provedor poderá subcontratar sempre que a empresa o autorice.

3.2.- O Provedor deberá de entregar toda a documentación que lle sexa requirida polo cliente no Pedido, en prazo, forma e cantidade, así como calquera outra información ou documento, de calquera tipo, que sexa necesario de acordo á normativa vixente aplicable á compra.

3.3.- O Provedor deberá de cumprir cantas disposicións estean vixentes en cada intre, en especial as de carácter Laboral, Seguridade Social ou Fiscal, así como as relativas ó Medio Ambiente, Seguridade e Saúde, de Prevención de Riscos Laborais e virá obrigado a acreditar o seu cumprimento na forma e prazos establecidos pola empresa. Igualmente deberá de cumprir o Provedor a normativa e práctica interna da empresa que lle resulte aplicable por razón do Pedido.



3.4.-0 Proveedor garante:

Que tódolos bens ou produtos obxecto da compra son da súa plena propiedade, de primeiro uso, elaborados con materiais ou produtos da calidade requirida e que cumpren cos requisitos de seguridade e medio ambiente, reúnen a calidade especificada e, no seu caso, son aptos para o seu consumo, respondendo sempre da veracidade de tales extremos e dos danos causados no caso contrario, e podendo a empresa devolvelos en todo caso.

Que os bens ou produtos obxecto da compra están libres de calquera carga ou gravame ou de outros dereitos reais, embargos, trabas ou afeccións sobre os mesmos e que non recaen sobre o Proveedor ou sobre os bens ou produtos ningunha restrición á libre transmisión dos mesmos.

Que os bens ou produtos cumpren cas especificacións acordadas polas partes, así coma o cumprimento de tódalas condicións establecidas no Pedido e que os mesmos están libres de calquera defecto, visibles ou ocultos, xa sexa por materiais, man de obra, deseño ou fabricación.

Que conta cos dereitos de propiedade intelectual ou industrial en relación cos bens ou produtos obxecto da compra ou aprovisionamento ou, no seu caso, que conta cas oportunas licenzas para a súa fabricación ou venda, sendo pola súa conta os gastos y custos que se deriven das mesmas.

Serán de conta do Proveedor dentro do prazo de garantía, e este virá obrigado a realizar tódolos traballos de reparación, emenda, reconstrución, substitución, rectificación e corrección de defectos nos bens ou produtos obxecto da compra.

Se durante o seguimento realizado pola empresa se observara o incumprimento das obrigas do proveedor ou dos niveis de calidade pactados, o proveedor virá obrigado a adoptar as medidas de rectificación necesarias podendo no caso contrario dar lugar á resolución do pedido ou contrato por parte da empresa e/ou á contratación por terceiros para a realización dos servizos debendo de abonar estes ó proveedor.



A Empresa poderá repercutir ós provedores os sobrecostos, contracargos e penalizacións que se lle impoñan a consecuencia de calquera incumprimento por parte destes.

Non se entenderá aceptado ningún pedido ou oferta sen a sinatura do director do departamento de compras ou o xerente de REFRIGERACION DE RIVEIRA S.L., polo que calquera pedido ou ampliación estará suxeito á aceptación deste non tendo potestade para aceptar ningún outro responsable ou traballador que actúe en nome da empresa, agás indicación expresa.

4.- Obrigas das subcontratas.-

Aplicar, durante a execución dos servizos, os principios xerais en materia de seguridade e saúde desenrolados no artigo 10 do Real Decreto 1627/1997. Do mesmo xeito debe aplicar os principios de acción preventiva contemplados no artigo 15 da Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais.

Cumprir e facer cumprir ó seu persoal o establecido no seu Plano de Seguridade e Saúde específico.

Cumprir a normativa en prevención de riscos laborais e, especialmente, as súas obrigas sobre coordinación desenroladas no artigo 24 da lei 31/1995.

Informar ó seu persoal propio das medidas que haxan de adoptarse no que se refire á súa seguridade e saúde.

Debe aplicar, no que lle competa á súa entidade, o establecido no anexo IV do Real Decreto 1627/1997 sobre disposicións mínimas xerais relativas ós lugares de traballo nas obras, ós postos de traballo nas obras no interior dos locais e ós postos de traballo no exterior dos locais.

Informar ós seus traballadores directos dos seus riscos laborais, en función dos seus postos de traballo, segundo o establecido nos artigos 18 e seguintes da Lei 31/1995.

Asemade, debe de proporcionarlles os equipos de protección individual necesarios para o desenrolo seguro das súas actividades e asegurar o seu correcto uso. De igual xeito a preverá e implantará as medidas de seguridade



colectivas, antepoñendo estas ás individuais, e recurrido a estas últimas cando o risco non quede totalmente eliminado (subcontratista).

Utilizar equipos de protección individual nos termos previstos no Real Decreto 773/1997 (autónomo).

Autorizar mediante a correspondente acta ós traballadores para a manipulación de vehículos, maquinaria especial e ferramentas especiais (subcontratista).

Utilizar equipos de traballo que se axusten ó disposto no Real Decreto 1215/1997 (autónomo).

Debe comunicar por escrito ó coordinador de seguridade e saúde en fase de execución calquera modificación ó Plano de Seguridade e Saúde aprobado para que, se procedera, dea o seu visto e praxe. Non se executará ningunha unidade de obra que supoña modificacións ó Plano aprobado, sen o visto e praxe do coordinador de seguridade e saúde en fase de execución.

Comunicará ó servizo de prevención a contratación de traballadores especialmente sensibles a determinados riscos e menores.

Ter a formación necesaria para a manipulación de maquinaria e/ou materiais específicos.

Ter contratado pola súa conta e risco un seguro de Responsabilidade civil, debendo aportar á empresa o xustificante de que a cobertura engloba o período de prestación do servizo.

A empresa nunca se subrogará en obrigas con terceiros.

O subcontratista deberá de adaptarse ós prazos ós que se comprometeu a prestar o servizo, sendo responsable directo da demora nos mesmos, quedando exonerada a empresa neste sentido de calquera responsabilidade ó respecto.

Se durante o seguimento realizado pola empresa se observara o incumprimento das obrigas da subcontrata ou dos niveis de calidade pactados, a subcontrata virá obrigada a adoptar as medidas rectificativas necesarias podendo en caso contrario dar lugar á resolución do pedido ou contrato por parte da empresa e/ou á contratación por terceiros para a realización dos servizos debendo de abonar estes a subcontrata.



A empresa poderá repercutir á subcontrata os sobrecostos, contra cargos e penalizacións que se lle impoñan a consecuencia de calquera incumprimento por parte da subcontrata.

Debe de cumprir as medidas medio ambientais específicas e garantir a calidade dos materiais cos que traballa.

No caso de existir algún defecto na fabricación dos materiais que haxa utilizado a subcontrata na súa instalación, esta responsabilízase do custo de montaxe e desmontaxe da mesma.

Velar porque os traballadores ó seu cargo cumpran as súas obrigas en materia de prevención de riscos laborais, contempladas no artigo 29 da Lei 31/1995.

Non se entenderá aceptado ningún traballo, pedido ou ampliación do mesmo sen a sinatura do director do departamento de compras ou o xerente da empresa, polo que os mesmos estarán suxeitos á aceptación deste non tendo potestade para aceptar ningún outro responsable ou traballador que actúe no nome da empresa, agás indicación expresa.

5.-Forza maior-“Forza Maior” ven a ser, ós efectos das presentes condicións xerais de contratación, a existencia de calquera continxencia, circunstancia ou causa que estea máis alá do control da parte que a invoca, incluíndo, pero non limitándoo, ás seguintes circunstancias: imposición ou sumisión a unha lei, regulación, decreto, orde ou solicitude de calquera autoridade (nacional, estatal, autonómica, provincial ou municipal), confiscación, motín, guerra, perturbacións, lumes, asolagamentos, terremotos, tronadas, explosións, folgas, peches, parada de maquinaria ou da fábrica, imposibilidade de acadar materias primas, equipos, gasóleo ou transporte por causas alleas á vontade do obrigado a procuralos.

Se por Forza Maior calquera das Partes non pode cumprir algunha obriga do presente Contrato distinta á de pago do prezo, dita parte queda exonerada do seu cumprimento, sempre que llo notifique á outra indicando o comezo e a natureza da situación de Forza Maior.



A Parte que invoque a Forza Maior deberá de enviar notificación inmediata trala finalización da causa que motive a mesma.

A Empresa non será responsable fronte ó CLIENTE por ningunha perda ou dano derivado do incumprimento ou da falla de cumprimento puntual ou total das súas obrigas por causa de Forza Maior. Esta cláusula é aplicable á Empresa e á súa planta, e ó CLIENTE e a súa planta. Con todo, os anteriores apartados deste artigo, se ó CLIENTE lle afecta a Forza Maior non será relevado de ningunha das súas obrigas de aceptar e pagar os envíos feitos con anterioridade ó recibo por parte da Empresa da notificación por escrito do CLIENTE da situación de Forza Maior; tampouco o CLIENTE poderá invocar a causa de Forza Maior para retrasar o pago das cantidades adebedadas. Se concorre causa de Forza Maior, a Empresa terá dereito a distribuír, na forma que considere razoable, as cantidades de produtos útiles entre os seus CLIENTES e os seus propios requirimentos.

Do mesmo xeito, o CLIENTE autoriza a REFRIGERACION DE RIVEIRA S.L a retirar a mercadoría das súas instalacións ou dominios, tanto se trate de material suxeito a contrato de compravenda como suxeito a contrato de aluguer, sen previo aviso nin autorización a partires do primeiro incumprimento contractual, considerándose a aceptación destas condicións como autorización expresa e ós efectos sinalados.

6.-Notificacións- Tódalas notificacións, modificacións e comunicacións por parte da Empresa ó CLIENTE considéranse eficaces a tódolos efectos cando se realicen por envío de correo postal ó domicilio indicado polo CLIENTE, envío por correo electrónico, sms, mms, fax, whatsapp, comunicación por chamada telefónica ó enderezo ou número indicado polo CLIENTE ou, no seu defecto, ó número propiedade do CLIENTE ou dos seus apoderados.



A estes efectos, o CLIENTE manifesta que tódolos datos facilitados por él son certos e correctos, e comprométese a comunicar á Empresa tódolos cambios relativos ó seu domicilio, datos de cobro e todo tipo de información necesaria para a xestión e mantemento da relación contractual entre a Empresa e o CLIENTE.

7.-Confidencialidade e protección de datos- En cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos de carácter persoal facilitados polo CLIENTE formarán parte do ficheiro de CLIENTES da Empresa, cuxos fins son o mantemento da relación contractual, o control e xestión das vendas e os seus correspondentes cobros.

A Empresa tratará ditos datos ca máxima confidencialidade, e comprométese a non utilizalos cunha finalidade distinta a aquela para a que foron recolleitos, así como a conservalos cas debidas medidas que garanten a súa seguridade e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou aceso non autorizados.

A Empresa comprométese a gardar segredo profesional respecto dos referidos datos persoais, incluso unha vez finalizada a relación contractual.

O CLIENTE autoriza á Empresa a conservar os seus datos durante un período de cinco anos unha vez cumprida a prestación contractual.

O CLIENTE ten a posibilidade de exercitar os dereitos de aceso, rectificación, cancelación e oposición dirixindo unha comunicación por escrito á atención do Responsable de Protección de Datos.

8.-Separabilidade- As presentes condicións considéranse independentes e, se algunha delas, en todo ou en parte, se deixase sen efecto polas partes mediante pacto expreso escrito ou fora inválida por calquera razón, o resto conservará a súa validez con toda a súa forza e efecto.



9.- Lei aplicable- Estas Condicións Xerais rexeranse e interpretaranse conforme á lexislación española naquelo que non estea expresamente planificado nas mesmas.

Asemade, en canto á Lei aplicable ás operacións realizadas por REFRIGERACION DE RIVEIRA S.L, as partes pactan por medio da aceptación destas condicións xerais da contratación, o sometemento expreso ó ordenamento xurídico español.

10.- Foro- CLÁUSULA ESPECIAL ARBITRAXE

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidera xurdir no desenrolo do presente contrato.

No caso de non ser posible unha solución amigable, e resultar procedente litixio, as partes, con renuncia a calquera outro foro, obríganse a someter tódolos conflitos, litixios e desavenenzas xurdidas do contrato, sexa no seu cumprimento, interpretación ou execución, ó Tribunal da Asociación para a Arbitraxe Mercantil "TAM", no marco dos seus Regulamentos, á cal se encomenda a administración da arbitraxe e a designación do árbitro ou tribunal arbitral, obrigándose dende agora ó cumprimento da decisión arbitral.

En canto á lei aplicable ó litixio, as partes sométense expresamente ó ordenamento xurídico español por medio das presentes condicións xerais da contratación.